


Luns 24 de Xuño de 2019

GARE DU NORD (Claire Simon, 2013)



Dirección: Claire Simon. **Guión:** Claire Simon, Shirel Amitay, Olivier Lorelle. **Fotografía:** Claire Simon, Richard Copans, Laurent Bourgeat. **Son:** Thierry Morlaas. **Música:** Marc Ribot. **Montaxe:** Julien Lacheray. **Montaxe de son:** Stéphane Thiebaut. **Directora de produción:** Nelly Mabilat. **Produción:** Les films d'ici- Richard Copans. **Coprodución:** Productions Thalie- Yves Fortin. **Distribución:** Sophie Dulac Distribution. **Duración:** 1h59. **Elenco:** Nicole Garcia, Reda Kateb, François Damiens, Monia Chokri, Sophie Bredier, Miche Evans, Lucille Vieaux, Marvin Jean Charles, Ibrahim Koma, Michael Dai, Christophe Paou, Ardoise, Dimitri Nicole, Alouane Djilali, Thierry Cosserat, Jean Christophe Bouvet, Claudia Grey, Djénéba Niaré, Clémence Boissard Solène Jarniou, Nader Boussandel, Lou Castel, Axel Oxybel, Marie Janette Aboli, André Marcon, Jacques Nolot, Max Nastase, Laura Samyn, Samir Guesmi, Ophélie Kolb, Marc Bodnar, Nabil Al Ahmadi, Domenico Mele .

SINOPSE: Millóns de vidas crúzanse. Ismaël, Mathilde, Sacha e Joan vanse atopar. Cada día Ismaël queda cegado e fascinado por este lugar, por esta estación. É aquí onde ve por primeira vez a Mathilde, aos poucos namoraranse . Os dous crúzanse con Joan (que pasa a súa vida entre as estacións de Lille, Londres e París), así como con Sacha que busca á súa filla desaparecida. A estación é como unha burbulla que todos atravesan. Franceses, inmigrantes, emigrados, viaxeiros, pantasmas... É un cruce no que cada vida pasa fugaz e desaparece.

A prensa francesa dixo do filme:

-“Melancólico e desgarrador *Gare du Nord* testifica a beleza dunha das máis grandes estacións do mundo así como das persoas que a atravesan”. Roland Hélié para *Les Fiches du Cinéma*.

-“Claire Simon viu todo, comprendido todo desta *Gare du Nord*. Deixámonos levar fascinados no seu movemento perpetuo”. Danièle Heymann para *Marianne*.

-“*Gare du Nord* ofrece o verdadeiro pracer dun filme coral, moi lonxe dos avatares sen personalidade aos ue a partir de agora dá lugar este xénero descarrilado”. Jean- Dominique Nuttens para *Positif*.

-“Claire Simon triunfa co seu proxecto máis ambicioso. Entre claridade e escuridade, a súa película está brillantemente filmada e interpretada”. Danielle Attali para *Le Journal du Dimanche*.

-“Claire Simon cuxa carreira se reparte entre o documental e a ficción, enriquece os dous aspectos cunha mirada orixinal, rica e creativa”. *Ouest France*.

-“Un ensaio audaz de socioloxía, novelesca”. Jacques Madelbaum para *Le Monde*.

-“A directora lanza un conmovedor e doloroso himno á o vida en movemento”. Marie- Elisabeth Rouchy para *TéléCinéObs*.

Luns 24 de Xuño de 2019

Filmografía seleccionada de Claire Simon:



-*Les Patients* (1989)/-*Coûte que Coûte* (1995)/-*Ça est vraiment toi* (1999)/-*Mimi* (2002)/-*Ça brûle* (2006)/-*Les Bureaux de Dieu* (2008)/-*Géographie Humaine* (2012)/-*Le bois dont les rêves sont faits* (2015)/-*Le concours* (2016)/-*Premières solitudes* (2018).

Para saber máis:

-Moure, José; Pasquier, Gaël; Schoop, Claude: *L'atelier des cinéastes: de la Nouvelle Vague à nos jours*. Paris: Archimbaud-Kliencksieck, 2012.

-Moure, Jose; Binh, N.T: *Documentaire et fiction: allers-retours*. Bruxelles: Les Impressions nouvelles, 2015.

Análise do filme:

“*Un lugar é unha historia en si*” afirma Claire Simon. Este é o punto de partida desta película que forma un díptico xunto ao documental titulado *Géographie Humaine* (2012). Porque esta estación, a Gare du Nord, é o sitio perfecto para o xogo que a cineasta presenta entre documental e ficción (unha dicotomía apoiada na representación do traballo que leva a cabo Ismaël, un dos protagonistas da película).

A idea que plasma a directora é rodar baixo condicións absolutamente reais creando historias que xurdan a partir dun punto en común: a estación. Por unha banda preséntalenos un retrato fiel do que é a Gare du Nord, un espazo que Simon presenta como un personaxe con entidade propia. Unha zona na que reina a multitude (A Gare du Nord é a primeira estación de Europa, a terceira estación mundial conformada por 80000 m2 distribuídos en cinco niveles, con máis de 7000000 viaxeiros ao día, 110 tendas e 3000 persoas que traballan nela). E doutra banda, as relacións entre os diferentes protagonistas: o amor, a perda, a espera, a separación...

A ficción establécese en tres partes diferenciadas: o encontro entre Ismaël e Mathilde, a aparición dos demais personaxes e o punto culminante no que a estación convértese nun organismo que resiste.

Parece coma se a realizadora mostrásenos a través deste pequeno cosmos un *tableau-vivant* da Francia de hoxe en día. Viaxeiros, emigrantes, inmigrantes, xente con présa que vai traballar, persoas que perden ou atopan o sentido da súa vida?

